



BANDO

O noso concello atópase en **situación de pre-emerxencia en relación ao subministro de auga potable.**

É por isto que **lles solicitamos dun novo esforzo de colaboración** ante esta situación **para conseguir manter as reservas o máximo tempo posible**, mantendo os niveis de auga dos depósitos de abastecemento municipal.

Como consecuencia desta escaseza de auga, **resulta imprescindible reduciloo consumo**, en consecuencia tómanse as seguintes **medidas de obrigado cumprimento**:

- Só se poderá facer uso da auga de abastecemento para destinala ao consumo doméstico. **Prohíbese calquera outro.**
- **Non se poderá:**
 - **Encher piscinas, elementos similares e depósitos.**
 - **Regar hortas e explotacións agrícolas.**
 - **Lavar vehículos ou patios con auga potable.**
- **Reduciranse ao mínimo os regos** de xardíns públicos e **pecharanse as fontes** públicas conectadas ao abastecemento.
- **Controlaranse os consumos en edificios e instalación municipais.**
- **Vixiaranse as perdas na rede de abastecemento.**

Facemos este chamamento aos veciños e veciñas, e tamén aos habitantes non empadroados que veñen a desfrutar das súas vivendas neste período estival, para que tomen conciencia da necesidade de realizar un consumo racional, axustado e solidario da auga.

Grazas pola súa colaboración

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Luís Menor Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE A MARXE

